

# + DEPOR TE



## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2024

Aberta a  
preinscrición  
do 20 ao 22  
de maio

Máis información en  
[coruna.gal/campamentos2024](https://coruna.gal/campamentos2024)

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2024

### PERSOAS DESTINATARIAS

Menores nados do 1/1/2012 ao 31/12/2018

\* Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional. Existe a posibilidade de contar co intérprete de lingua de signos.

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 20, 21 e 22 de maio na web [coruna.gal/campamentos2024](http://coruna.gal/campamentos2024) e [coruna.gal/deportes](http://coruna.gal/deportes)

**Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:** 31 de maio.

**Reclamacións:** 31 de maio e 3 de xuño.

**Sorteo das prazas:** 5 de xuño.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 11 de xuño.

**Inscrición e abono:** Do 11 ao 17 de xuño de xeito presencial nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor.

\*Os irmáns que dexesen ir xuntos na mesma queda deberán anotarse no mesmo formulario de preinscrición. Se non é así, non se garante que estean xuntos.

\*\*No caso de que haxa duplicidade nalgunha solicitude para un mesmo menor terase en conta a realizada en último lugar.

\*\*\*Se se desexa obter factura do pago deberá marcarse a casa correspondente ao realizar a solicitude, a factura emitirase o nome da persoa que faga a matrícula.

### QUENDAS

**1ª Quenda:** do 1 ao 15 de xullo.

**2ª Quenda:** do 16 ao 31 de xullo.

**3ª Quenda:** do 1 ao 15 de agosto.

**4ª Quenda:** do 16 ao 30 de agosto.

### HORARIO

**Xeral:** de luns a venres, excepto festivos, de 9:00 a 14:00 h

**Ampliado:** de luns a venres, excepto festivos, de 8:30 a 14:30 h

### ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Cidade deportiva de Riazor e espazos na natureza preferentemente náuticos.

### Nº PRAZAS

480 (120 por quenda)

### COTA DE INSCRICIÓN

**Quendas 1, 2 e 4:** 48,18€

**Quenda 3:** 43,80€

### OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

Realizaranse actividades deportivas, deportes náuticos e ao aire libre e outras actividades dinamizadoras para as que será necesaria roupa deportiva e bañador.

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento das bases reguladoras da convocatoria e unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

### +INFORMACIÓN EN:

[CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024](http://CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024)

[CORUNA.GAL/DEPORTES](http://CORUNA.GAL/DEPORTES)

E NO TELÉFONO DE ATENCIÓN CIDADÁ 010

